

## **PROGRAMA DE NORMALIZACIÓN DOS PROGRAMAS DOCENTES DAS MATERIAS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.**

A Universidade de Vigo consciente da necesidade de acadar cada vez máis unha coordinación e organización das distintas materias dos planos de estudio, pon en marcha, a través do Vicerrectorado de Innovación e Calidade, un Programa tendente a normalizar e homoxeneiza-los programas docentes das materias.

Deste xeito preténdese dispoñer nos programas docentes das materias a información mínima que lle garanta ó estudante un coñecemento do desenvolvemento da materia ó longo do curso e, ademais, lle sirva de documento para validacións.

O Programa Base que se presenta faise coa finalidade de ser común para tódalas materias. Nembargantes, dada a singularidade que algunhas materias poidan presentar, pódese completa-la información nos apartados “Información Complementaria” e “Outros datos de Interese” ó final do documento.

O Programa que se presenta ten un carácter de experiencia piloto para o vindeiro curso, e polo tanto, admitirase unha aplicación voluntaria polos Centros e Departamentos no relativo á estrutura e contidos da información. É a intención do Vicerrectorado, logo de validar a implantación experimental e recoller proposta de melloras do Programa, propoñe-la súa implantación xeral no curso 2004/05.

A estrutura do Programa Base contén información correspondente a:

Datos administrativos da Universidade: Correspondente ó encargo docente da titulación.

Profesorado: Correspondente ó POD do Departamento é ás horas de titorías do profesorado. Engádese a esta información a conveniencia de nomear polo Consello de Departamento un profesor/a coordinador/a das materias. No caso de existir docencia de Aulas, Prácticas e Laboratorios, permitirase o nomeamento de dous profesores/as coordinadores/as. Os cometidos dos profesores/as coordinadores/as será o seguimento do desenvolvemento do programa, a verificación da existencia dos programas na secretaría do centro e a recollida, confirmación e entrega das actas de exames.

Horarios, Datas de Exames e Tribunais extraordinarios: Correspondente á planificación da actividade docente do centro.

Temarios das Aulas, Prácticas e Laboratorios, Bibliografía, Método docente e Sistema de Avaliacións: Elaborado no Departamento.

# Programa docente base

## ***Datos administrativos da Universidade:***

Código da materia	
Nome da materia	
Centro/ Titulación	
Curso	
Tipo (Libre, Troncal, Obrigatoria, Optativa)	
Alumnos matriculados (totais)	
Alumnos novos	
Créditos aula/grupo (A)	
Créditos laboratorio/grupo (L)	
Créditos prácticas/grupo (P)	
Número grupos Aula	
Número grupos Laboratorio	
Número grupos Prácticas	
Anual /Cuadrimestral	
Departamento	
Área de coñecemento	

## **PROFESORADO DA MATERIA *Datos do Departamento:***

Nome profesor/a	Código	Créditos (indicando A, L ou P)	Lugar e Horario Titorías

A: Aula. L:Laboratorio. P:Prácticas.

No caso de varios profesores/as indicarse o profesor/a coordinador/a da materia:

Para as Aulas:

Para a docencia de Laboratorio e Prácticas:

## **Horarios: *Datos do centro***

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10-11					
16-17					
17-18					
19-20					
20-21					

## **Data dos exames oficiais: *Datos do centro***

Aula: Data. Hora. Lugar.

Prácticas: Data. Hora. Lugar.

Laboratorio: Data. Hora. Lugar.

## **Tribunal extraordinario: *Datos do centro***

## TEMARIO da Materia: (Tipo A, Tipo L , Tipo P)

**Previo:** Indica-los coñecementos previos necesarios para o seguimento da materia, facendo mención ás materias do plano de estudos.

**Obxectivo da materia:** Dispoñe-los obxectivos fundamentais que se pretende acadar coa materia dentro do plano de estudio. No caso de non facer mención a este descriptor, entenderase que este queda suficientemente precisado nos descriptors do plano de estudos.

### Temario de Aulas

Horas totais  
Número de leccións

Lección	Contido	Observacións	Duración
	<u>Resalta-lo disposto no plano de estudos</u>		
1			
2			
3			
4			
....			

### Temario de Laboratorio

Horas totais  
Número de prácticas

Práctica	Contido	Observacións	Duración
	<u>Resalta-lo disposto no plano de estudos</u>		
1			
2			
3			
4			
5			

### Temario de Prácticas

Horas totais  
Número de prácticas

Práctica	Contido	Observacións	Duración
	<u>Resalta-lo disposto no plano de estudos</u>		
1			
2			
3			
4			
....			

## **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:** Básicas e Complementarias (se procede)

### **Básicas (máximo 3)**

### **Complementarias (máximo 4)**

- As referencias bibliográficas básicas e complementarias faranse chegar á Biblioteca Central para que supervise a dispoñibilidade para o alumnado.

**Outras bibliografías e referencias de interese para consulta disporanse en “Información Complementaria”.**

## **MÉTODO DOCENTE:**

Medios materiais dispoñibles habitualmente para desenvolve-la materia nas aulas:

Medios materiais non dispoñibles que considera convenientes – Esta información disporase en “Outros datos de interese” e farase chegar ó centro para que estudie a súa posible dispoñibilidade.

## **SISTEMA DE AVALIACIÓN:**

Datas das probas parciais ou de control: Aula. Prácticas. Laboratorios

Tipo de Avaliacións:

Avaliación da docencia de Aulas:

Avaliación da docencia de Laboratorios:

Avaliación da docencia de Prácticas:

Criterios de avaliación:

Dúas posibilidades:

- Criterios de avaliación de carácter xeral para tódalas probas:
- Criterios de avaliación en cada proba.


**En cada proba indicaranse as datas e lugares de publicación das calificacións e de revisión.**

## **INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA**

## **OUTROS DATOS DE INTERESE:**

Para a implantación efectiva do programa anterior, é aconsellable defini-la cronoloxía da planificación da actividade docente dos centros. Para iso, propóñese a seguinte cronoloxía da planificación da actividade docente, de tal xeito que no mes de xullo o Centro coñeza as actividades que se van desenvolver no próximo curso académico, e durante o mes de setembro poida face-la súa implantación efectiva.

## **VICERRECTORADO DE INNOVACIÓN E CALIDADE PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE NOS CENTROS**



### **Proceso de discusión e implantación do Programa de Normalización:**

- Enviárase o Documento ós Centros e Departamentos da Universidade para o seu coñecemento e implantación experimental. Tamén estará dispoñible para toda a comunidade na páxina web da Universidade – Áreas e Servicios- Área de Innovación e Calidade “Novas Propostas”.
- Implantárase con carácter experimental durante o curso 2003/04, e poderanse enviar propostas de mellora ó Vicerrektorado de Innovación e Calidade a través dos Decanos e Directores de Centro e Directores de Departamento, antes do 1 de Novembro de 2003 - páxina web da Universidade – Áreas e Servicios- Área de Innovación e Calidade “Suxestións” ou mensaxe a [sevic@uvigo.es](mailto:sevic@uvigo.es)
- En xaneiro de 2004 elaborárase un documento definitivo que se elevará ós órganos correspondentes da Universidade para a seu debate e, se procede, aprobación.